

Saladina · Xavier

Queipo ·

Galaxia, 2008 ·

168 páx · 10 euros



SALADINA É UN LIBRO que segue o antiquísimo costume de reunir un bo mangado de historias tecidas na mesma trama. Historias das que sempre engaiolaron á humanidade que contan viaxes incríbeis, aven-

turas arriscadas en afastadas terras onde os protagonistas, e os lectores que con eles se acaban identificando, asisten a prodixios da natureza, topan con enigmáticos seres humanos e animais quiméricos e fan o imposíbel por volver ao mundo coñecido para contárnolo.

Queipo arrinca da longa tradición narrativa oriental nun ambiente propio das *Mil e unha noites*, mais pasando pola peneira nutricia de Cunqueiro, a quen reivindica no vello narrador Hakim, remedo do Simbad cunqueirián, que conta á súa netiña, Saladina, as marabillosas historias que foi escoitando e adobiando persoalmente ao longo da súa longa vida no porto mariñeiro de Constantinia. Un libro case perfecto, se non fose porque lle faltou, ao final, unha revisión lingüística coidadosa. // **A. G. F.**